

Convocatoria conxunta de Sogama e da Consellería de Cultura, Educación e Universidade pola que se aproban as bases e se convocan os premios aos mellores carteis sobre reciclaxe correspondentes ao programa “Recíclate con Sogama” 2020/21

No marco da Resolución do 2 de outubro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se regula a participación dos centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no Plan Proxecta durante o curso escolar 2020/21, encádrase a novena edición do programa “Recíclate con Sogama”, promovido por Sogama a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Esta iniciativa educativa pretende fomentar a aplicación, nos centros escolares, do principio europeo dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe), propiciando que as boas prácticas ambientais na xestión sustentable dos residuos urbanos se estendan igualmente á contorna familiar e social do alumnado.

Ata o de agora, este concurso víñase centrando na elaboración de obras de arte a partir de materiais de refugallo, fomentando o traballo colaborativo do alumnado nunha actividade creativa e de carácter manipulativo. Debido ao impacto da COVID-19 e á necesidade de dar debido cumprimento ao protocolo de prevención definido polas autoridades competentes na materia para preservar a saúde de todas as persoas integrantes da comunidade educativa, optouse por orientar este concurso cara a un traballo máis individualizado a fin de evitar interaccións entre os escolares.

Co obxecto de recoñecer o traballo, esforzo e interese da comunidade educativa dos centros participantes neste programa, Sogama e a Consellería Cultura, Educación e Universidade, convocan conxuntamente un novo concurso a través do cal se concederán premios a aqueles carteis dos centros que, en maior

medida, difundan o que é a reciclaxe, os seus beneficios e a necesidade de contribuír á mesma para lograr unha contorna máis limpa e saudable.

O concurso axustarase ás seguintes bases:

Primeira. Obxecto

Convocar os premios aos mellores carteis vinculados á promoción da reciclaxe no marco do programa “Recíclate con Sogama”, impulsado por Sogama, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e canalizado a través do Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Segunda. Alcance e temática.

Con este concurso preténdese promover o interese do alumnado pola reciclaxe e que, a través dun cartel, difundan os beneficios que esta trae consigo para a protección do medio ambiente e da saúde.

A temática do cartel debe estar vinculada á reciclaxe de residuos.

Establécense tres categorías para os premios: unha categoría para 1º e 2º de educación primaria, outra para 3º e 4º e outra para 5º e 6º. Cada centro elixirá os carteis que o representarán, un por cada categoría, e enviaranos escaneados a Sogama.

Só se admitirá un total de tres carteis por centro e, concretamente, un por cada categoría.

A fin de preservar a identidade do alumno/a autor/a do cartel seleccionado no centro para participar neste concurso, en ningún caso figurarán os seus datos, senón o nome do centro e o curso de primaria ao que pertence.

O cartel debe levar un título, así como un pequeno texto no que o/a alumno/a describa o que quere transmitir co mesmo. Valorarase a calidade do cartel, así coma a capacidade do título e a mensaxe para impactar positivamente na poboación e axudar a concienciala sobre a importancia de segregarmos os residuos

en orixe e depositalos no contedor correspondente para propiciar o seu posterior reciclado.

O cartel debe axustarse ás medidas DIN A4 (21 x 29,7 cm). O título debe figurar no anverso do propio cartel e a descrición no reverso. En todo caso, o texto non pode superar 150 palabras.

Os tres traballos representativos do centro (un por cada categoría) deben remitirse a Sogama e, máis concretamente, ao seguinte enderezo: comunicacion@sogama.es

No asunto do correo debe figurar o nome do centro, seguido de “Concurso de carteis Recíclate con Sogama” 2020-2021.

E, no corpo do correo, deben especificarse os datos do centro escolar (endereço postal, teléfono de contacto, correo electrónico), así coma os da persoa coordinadora do programa “Recíclate con Sogama” 2020/2021 no centro.

Terceira. Participación

Poderán presentar a súa candidatura a esta convocatoria, única e exclusivamente, os centros participantes no programa “Recíclate con Sogama” do Plan Proxecta durante o curso académico 2020/21.

Cuarta. Premios e recoñecemento

- 1º premio: dotación económica de 1.000 euros para o centro, que deberá investir en material e/ou accións educativas. Pola súa banda, o/a alumno/a autor/a do cartel recibirá un diploma e unha bolsa con merchandising de Sogama.
- 2º premio: dotación económica de 600 euros para o centro, que deberá investir en material e/ou accións educativas. Pola súa banda, o/a alumno/a autor/a do cartel, recibirá un diploma e unha bolsa con merchandising de Sogama.

- 3º premio: dotación económica de 300 euros para o centro, que deberá investir en material e/ou accións educativas. Pola súa banda, o/a alumno/a autor/a do cartel, recibirá un diploma e unha bolsa con merchandising de Sogama.

En todos os casos, Sogama exonérase de calquera responsabilidade das actividades que leven a cabo os colectivos escolares.

Poderán concederse tamén accésits aos centros que, sen resultar gañadores, destacaran polos seus traballos, sendo recoñecidos cun diploma acreditativo.

Os premios faranse efectivos con cargo ao orzamento de Sogama para o ano 2021, no que existe crédito axeitado e suficiente.

Quinta. Prazo de presentación

O prazo para a presentación das candidaturas, que deberán ser remitidas ao enderezo comunicacion@sogama.es, rematará o 5 de maio de 2021.

A difusión da convocatoria farase a través da propia Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e Sogama, utilizando para isto os medios á súa disposición e garantindo que a mesma chega a todo os centros destinatarios.

Sexta. Valoración dos traballos

Os criterios que se utilizarán para valorar os distintos proxectos realizados polos centros participantes son os seguintes:

- Calidade do cartel.
- Creatividade e orixinalidade.
- Mensaxe medioambiental que se transmite de cara a lograr un impacto positivo na concienciación social sobre as bondades da reciclaxe.
- Claridade na redacción do texto para facilitar a súa comprensión.

Sétima. Xurado

1. Os carteis que se presenten a esta convocatoria serán examinados e avaliados por un xurado constituído por:

- Presidencia: presidente de Sogama ou persoa na que delegue.
- Vicepresidencia: secretario xeral de Educación e Formación Profesional, ou persoa na que delegue.
- Vogais
 - Unha persoa asesora da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
 - Unha persoa representante do Departamento de Comunicación de Sogama, que actuará como secretario/a.

2. De ser necesario, o xurado poderá contar co asesoramento de especialistas.

3. Os premios anunciados poderán ser declarados desertos.

Oitava. Difusión e publicación

1. Sogama e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderán divulgar, a través dos seus propios medios (páxinas web, redes sociais e comunicados de prensa), os resultados desta convocatoria.

2. Os centros gañadores quedan obrigados a asumir as responsabilidades que puidesen resultar da utilización dos textos, das imaxes e doutros elementos creativos achegados na realización dos traballos e nos que a propiedade sexa de terceiras persoas ou entidades alleas a esta convocatoria.

3. A participación nesta convocatoria supón a aceptación de todas as bases.

Novena. Protección de Datos.

De acordo co disposto na Ley Orgánica 3/2018 de Protección de Datos e garantía de dereitos dixitais, informámoslle que os datos facilitados incorporaranse á Actividade de Tratamento titularidade da SOCIEDADE GALEGA DO MEDIOAMBIENTE, S.A. con CIF número A 15.379.803 e domicilio social en Morzós, 10, San Román, Encrobas, 15187, Cerceda, Provincia de A Coruña. Os datos solicitados serán utilizados unicamente para o fin concreto do obxecto da solicitude autorizando a súa cesión a terceiros sempre que sexa necesario para a completa execución da finalidade mencionada.

Á súa vez, informámoslle que pode contactar co Delegado de Protección de Datos, da SOCIEDADE GALEGA DO MEDIOAMBIENTE, S.A., no enderezo de correo electrónico dpo@aysinnova.es.

Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade en calquera momento, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que lle identifique dirixido á dirección arriba indicada. Así mesmo, e de igual xeito, pode revogar o consentimento prestado á recepción de comunicacións comerciais de conformidade co disposto na Lei 34/2002.

En Santiago de Compostela,

O presidente da Sociedade Galega
do Medio Ambiente, SA (Sogama)

O secretario xeral de Educación e
Formación Profesional

Javier Domínguez Lino

José Luis Mira Lema